



El sueño de la sultana (Isabel Herguera) ESTREA 22 DE NOVIEMBRE

NUMAX PRESENTA:

71 | NOVIEMBRE 2023



Un novembro de cinema

Este mes a nosa cidade, Santiago de Compostela, acolle a **37ª edición do Festival Cineuropa**, que ten lugar do 9 e o 25 de novembro. Para celebrar este mes escollemos uns cantos libros relacionados co cinema! Así que ollo aí!



Los cines de mi vida
Carlos Mir
COMANEGRA
24 EUROS




Jonas Mekas. El paraíso recuperado
MIREYA HERNÁNDEZ ZUT
12 EUROS



La otra cara de la luna
Margarita Alexandre
PRE-TEXTOS
23 EUROS



Las películas de "Art Cinema" y sus públicos
Valeria Camporesi
CÁTEDRA
16,95 EUROS



Estuche Ausencias
Carlos Saura
OPORTET EDITORES
100 EUROS



Un ojo sin adoc-trinar. La infancia en las películas de Cocteau, Cornell y Brakhage.
Marjorie Keller
ATHENAICA EDICIONES
25 EUROS




Monster Show
David J. Skal
ES POP EDICIONES
30 EUROS



El cine deseado. Diez directoras españolas del siglo XXI.
Carlos Losilla (eds.)
ECAM IMPRENTA DINÁMICA
20 EUROS



O Bensi de Galicia. O arrebató cinematográfico de Rey Soto
Manolo González
ALVARELLOS
19,50 EUROS



Pobres criaturas
Alasdair Gray
LIBROS WALDEN
17 EUROS

XOVES 9 ÁS 20H00

Presentación de *Zeca Afonso. Balada do desterro* con **Teresa Moure** (aCentral Folque).

VENRES 10 ÁS 20H00

Presentación de *El arte de escribir de pie* (Editorial Candaya) con **Aitor Romero** e **Armando Requeixo**.

MÉRCORES 15 ÁS 20H30


Presentación do ensaio *Wasteoceno. La era de los residuos* (Catarata) de **Marco Armiero**, co autor acompañado por **Roi Cuba**, presidente de Adega.

XOVES 16 ÁS 20H30

Presentación de *Maricas malas* (Paidós) de **Christo Casas** acompañado do activista LGBT **Xandre Garrido**.

XOVES 23 ÁS 20H30

Antón Branco e **Oriana Méndez** dialogan sobre poesía e sobre as súas últimas publicacións da man da crítica literaria **Ana Salgado**.



DÍA DAS LIBRARIÁS

Sábado 11 de novembro

5% de desconto en todos
os libros (na tenda
e na web)





Cinema



**Filme
do mes:**

O VELLO CARBALLO (THE OLD OAK) ESTREA 22 NOV

Ken Loach, 110', ING, VOSE

Con Dave Turner, Ebla Mari

The Old Oak é o último pub que queda nunha vila do noroeste de Inglaterra, onde a xente está abandonando a terra a medida que pechan as minas. As casas son baratas e están dispoñibles, polo que é un lugar ideal para os refuxiados sirios.

O gran Ken Loach ofrece o seu «último e brutal chamamento á solidariedade» (The Guardian).

**🏆 Premio do Público Locarno 2023
Sección Oficial Cannes 2023**





VIDAS PASADAS

ESTREA 1 NOV

Celine Song, 103', ING, VOSE

Con Greta Lee, Yoo Teo

Nora e Hae Sung, dous amigos da infancia cunha forte conexión, sepáranse cando a familia dela migra desde Corea do Sur. Dúas décadas máis tarde reecontráranse en Nova York durante unha semana que os enfrontará ao amor, o destino e as eleccións que compoñen a vida.

🏆 **Sección Oficial**
Berlinale 2023



RETRATOS FANTASMA

ESTREA 3 NOV

Kleber Mendonça Filho, 93', PT, VOSE

Unha viaxe multidimensional a través do tempo, o son, a arquitectura e o cinema, ambientado na paisaxe urbana de Recife, capital costeira de Pernambuco, un territorio histórico e humano, examinado a través das grandes salas de cinema que serviron como espazos de convivencia durante o século XX.

🏆 **Sesión Especial Cannes 2022**



EL SUEÑO DE LA SULTANA

ESTREA 22 NOV

Isabel Herguera, 86', ESP, VO

The dream of the Sultana é un relato feminista indio escrito en 1905 por Begum Rokeya Hussein. Inés é unha directora de animación española de 30 anos que se atopa en Ahmedabad para romper co seu amante indio. Casualmente entra nunha librería onde descobre esta novela na que se narra un país imaxinario gobernado por mulleres.

🏆 **Sección Oficial Donostia 2023**



TERESA

ESTREA 24 NOV

Paula Ortiz, 100', ESP, VO

Con Blanca Portillo, Asier Etxeandia

Teresa espera paciente a chegada do Inquisidor para ser xulgada. Da súa visita e das súas palabras dependerá o seu futuro: liberdade, cárcere ou fogueira. Adaptación da obra de teatro *La lengua en pedazos* de Juan Mayorga, baseada na figura de Santa Teresa de Xesús, tamén coñecida como “Santa Teresa de Ávila”.

**🎬 Sección Oficial fóra de concurso
SEMINCI 2023**



LITTLE RICHARD: I AM EVERYTHING

ESTREA 24 NOV

Lisa Cortes, 98', ING, VOSE

Arquitecto do rock'n'roll, icona queer, predicador apocalíptico, vendedor de biblias, lavapratos, pianista salvaxe e cantante visceral e libidinoso cuxa influencia pode rastrexarse en todo o rock posterior. Todo iso e moito máis foi Richard Penniman, máis coñecido como Little Richard, cuxa vida e branqueamento por parte da industria pop explora o documental.

i A primeira sesión do filme inclúese no ciclo “Blow Up! Música no cinema”

Foco Jon Jost



LAST CHANTS FOR A SLOW DANCE PASE ÚNICO 28 NOV

Jon Jost, 90', ING, VOSE, 1977

Con Tom Blair, Wayne Crouse

Un home insatisfeito coa súa vida familiar abandona a súa casa, muller e fillos, para vagar durante semanas a través do estado de Montana. Unha *road movie* terminal, retrato dun home misántropo e amargado, incluída polo crítico Jonathan Rosenbaum na súa listaxe dos 100 mellores filmes da historia.

i Presenta o crítico e programador Javier Trigales

Os ollos verdes



i Presentación
e coloquio cos autores

HILOS + CONTRACAMPOS

PASE ÚNICO 4 NOV

Tito Montero + Ramón Lluís Bande,
83' + 27'', AST, VOSE

Recibimos a visita de dúas figuras fundamentais do cinema asturiano que presentarán cadanseu filme arredor das pegadas da memoria histórica e política no tempo presente. Montero recupera a esquecida historia do seu avó, morto en 1937 na Batalla de Cimeru. Pola súa parte, Bande filma unha área recreativa do litoral asturiano que foi campo de concentración durante o Franquismo.

REMEMBER MY NAME

PASE ÚNICO 27 NOV

Elena Molina, 76', ÁR, VOSE

Tras cruzar o valo de Melilla desde Marrocos, Ihssen ingresa no centro de acollida de monxas para menores non acompañadas, onde tamén viven Asia e Mounia. Hamza cumpre 18 anos e ten que abandonar o centro para rapaces. Todos chegaron sós a Melilla pero atoparon unha nova familia: o grupo de danza NANA.

🏆 Premio do Público Málaga 2023

Foco Orson Welles



UNHA HISTORIA INMORTAL

PASE ÚNICO 7 NOV

Orson Welles, 58', ING, VOSE, 1968

Con Jeanne Moreau, Orson Welles

No Macao do século XIX, un rico comerciante está obsesionado cunha antiga lenda que corre de boca en boca entre os mariñeiros. A dun home rico que pagou a un mariñeiro pobre 5 guineas para enxendrar un neno coa súa nova esposa.

🏆 Sección Oficial Berliane 1968

Blow Up! A música no cinema



CORAZONADA PASE ÚNICO 23 NOV

Francis Ford Coppola, 100, ING, VOSE, 1982

Con Nastassja Kinski, Raul Julia

Tras cinco anos de matrimonio, Frederic Forrest e Teri Garr divórcianse. Teri coñece un camareiro pianista que lle promete levala de vacacións moi lonxe. Mentres tanto, Frederic encóntrase cunha artista de circo. Un clásico do cinema contemporáneo con insquecible banda sonora de Tom Waits.



ELIS & TOM PASE ÚNICO 25 NOV


Roberto de Oliveira /

Jom Tob Azulay, 100', VOSE, 2023

En 1974 a estelar Elis Regina e o xigante da bossa nova Tom Jobim encóntrase en Los Angeles para gravar un álbum que se convertería nun clásico absoluto da música popular brasileira. Mediante as gravacións en 16mm., inéditas até o de agora, asistimos ao proceso creativo dunha marabilla.



Compostela
Cultura




CINEUROPA 37
SANTIAGO DE COMPOSTELA, 9-25 NOVEMBRO 2023

“UNHA
EDICIÓN
TOLA TOLA
TOLA”

CINEUROPA.GAL-FACEBOOK-INSTAGRAM-TWITTER





NUMAX

Concepción Arenal 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org

   Síguenos en @numaxcoop


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE MEDIA SUB PROGRAMME

Co patrocinio de

AAAAAA **Agencia**
GGGGGG **Gráfica**